

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E LA REGION S.A., PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAMPAÑA DE IMPULSO E ANIMACIÓN AO CONSUMO CULTURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar con La Región S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata o 20 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e La Región S.A. para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral dunha campaña que terá como obxectivo a promoción da oferta cultural de Galicia e da cultura galega e promover que a xente consuma e agasalle produtos culturais galegos durante o nadal do ano 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector cultural, o realización dunha campaña de impulso e animación ao consumo cultural e que ao mesmo tempo transmita os valores que informan a actuación pública neste ámbito, impulsando para iso as



condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, e contribuír, deste xeito, a formación e existencia dunha opinión pública libre e democrática.

A prensa escrita é un dos medios de comunicación social que mais inflúe nas opinións e comportamentos humanos. De aí que non poida ser esquecida ao levar a cabo unha campaña na que se pretende dar a coñecer á poboación a oferta cultural galega existente e promover que se consuma e agasalle produtos culturais galegos con motivo das festas do Nadal. Os periódicos teñen a vantaxe de dar lugar a maior comprensión e retención da mensaxe, en especial se se trata de mensaxes detallados que se repiten diariamente.

Por isto considérase axeitado que a difusión desta campaña se faga a través dos medios de comunicación escritos de ámbito de actuación autonómico, para o que se establecerán colaboracións conxuntas con todos os medios de prensa escrita con cobertura autonómica.

LA REGION S.A é un grupo de comunicación con implantación principalmente na Comunidade Autónoma de Galicia e, no marco das súas actividades, realiza un importante labor de comunicación e difusión social na área de influencia que abrangue a súa difusión, das actuacións da administración autonómica no ámbito cultural, en xeral, e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en particular.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

(asinado dixitalmente)

